

**En cumprimento do disposto no artigo 43 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administracións xeral e do sector público autonómico de Galicia, esta Secretaría Xeral Técnica emítese o seguinte,**

**INFORME SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLA QUE SE MODIFICA O DECRETO 254/2011, DO 23 DE DECEMBRO, POLO QUE SE REGULA O RÉXIME DE REXISTRO, AUTORIZACIÓN E A INSPECCIÓN DOS SERVIZOS SOCIAIS EN GALICIA.**

### **1. Obxecto e competencia**

O artigo 27 do Estatuto de autonomía de Galicia, no seu punto 23, atribúelle á Comunidade Autónoma de Galicia, con carácter exclusivo, a competencia en materia de asistencia social.

Con base na referida atribución competencial, aprobouse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, na que se configura e define o Sistema Galego de Servizos Sociais.

No título VIII de dita lei regúlanse os mecanismos de control e garantía pública do Sistema Galego de Servizos Sociais, referíndose, no seu artigo 59, á competencia da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para levar a cabo o rexistro, autorización, acreditación, inspección e, se é o caso, a sanción das entidades que desenvolvan servizos sociais no territorio da comunidade autónoma e daqueles centros e programas das que sexan titulares ou xestoras.

En desenvolvemento da dita Lei o Consello da Xunta de Galicia aprobou o Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.

O Decreto 254/2011, do 23 de decembro, no seu artigo 7 referido aos requisitos xerais dos centros e programas de servizos sociais, no apartado 1, letra c) establece a obriga para todos estes centros e programas de servizos sociais de contar cun rexistro de altas e baixas de persoas usuarias e cun expediente individual de cada unha delas, coa documentación mínima necesaria que determine a normativa específica que lle resulte de aplicación.

No Protocolo da inspección de servizos sociais sobre os centros de maiores, discapacidade e dependencia da Comunidade Autónoma de Galicia, no control de legalidade e a actuación inspectora nestes centros, no apartado 5.B indica, entre os aspectos que deben constatarase polas unidades de inspección, a dotación dun libro de rexistro de persoas usuarias, en soporte físico ou dixital, permanentemente actualizado, e que disporá da información mínima obrigada referida aos datos identificativos dos/as usuarios/as, data de nacemento, as datas de alta e de baixa e os motivos desta.

Así, na práctica anotanse os datos referidos ás persoas usuarias en rexistros físicos ou dixitais que se custodian nos respectivos centros e que poden ser verificados polas unidades de inspección nas visitas presenciais ou, sen necesidade destas, mediante requirimentos formais da información. Estas vías de comprobación se ben resultan eficaces, na maioría das situacións non ofrecen una resposta inmediata para as actuacións de control, en concreto nas situacións de urxencia ou excepcionalidade como aconteceu durante a pandemia do COVID-19 que requiriu du



coñecemento e rexistro diario das infeccións das persoas que efectivamente residían nestes centros, principalmente os destinados a persoas maiores e persoas con discapacidade. Así, neste contexto foi necesario crear un sistema de información electrónico, CENRES, no que os centros residenciais de persoas maiores e de persoas con discapacidade rexistraran a situación sanitaria, en relación co citado virus, de cada persoa usuaria coa incidencia nas súas altas e baixas e a causa desta última.

A experiencia do CENRES puxo de manifesto as vantaxes de contar cun sistema de información electrónico áxil e á disposición da administración competente que permite o control continuo e permanente da ocupación dos centros residenciais. Ademais de facilitar a labor inspectora no control da ocupación de prazas residenciais permite, en función das circunstancias existentes, dar unha resposta inmediata a circunstancias excepcionais e incluso en situacións derivadas da propia actuación de control da administración. Así mesmo, resulta un instrumento esencial para a coordinación sociosanitaria.

Co exposto, motivase o cumprimento da obrigatoriedade do rexistro dos datos a través dun sistema de información electrónico da administración para os centros residenciais de persoas maiores e persoas con discapacidade pola especial situación de vulnerabilidade destas persoas ao non poder prescindir do servizo ou, na maioría de casos, nin a interrupción puntual deste. A especial protección que demandan as persoas que reciben os servizos de atención residencial require que a súa supervisión e inspección se realice partindo dunha información no rexistro de residentes que, con carácter preceptivo, sexa levado polas entidades prestadoras destes servizos de tal xeito que a dita información se atope permanentemente actualizada e á disposición da administración autonómica competente na materia, entidades que deben relacionarse coa administración por medios electrónicos según o disposto no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e no artigo 10 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, e todo elo baixo o cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e da libre circulación destes datos y polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Así, en virtude do Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude, correspóndelle a este órgano superior da administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia propoñer e executar as directrices xerais do Goberno galego no ámbito do benestar, que engloban as competencias en materia de servizos sociais, incluíndo as políticas de familia, menores, benestar social, inclusión social, servizos comunitarios, inmigración, atención ás persoas con discapacidade e ás persoas maiores, a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e as políticas de xuventude e voluntariado. O presente proxecto normativo que propón a consellería ten por finalidade a modificación do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, para concretar a forma na que deben proceder os centros residenciais de persoas maiores e con discapacidade no rexistro das persoas usuarias engadindo un novo apartado ao artigo 7 como a continuación se indicará. Así mesmo, se lle dá unha nova redacción ao punto 1. c) do dito artigo coa referencia á normativa en materia de protección de datos persoais máis xenérica. Finalmente, a través dunha nova disposición derradeira no decreto, habilítase unha maior flexibilidade no procedemento de modificación dos anexos I e II de solicitudes normalizadas, sendo suficiente coa súa publicación na sede electrónica da Xunta de Galicia, previa aprobación da consellería competente en materia de servizos sociais, para a súa adecuación á normativa vixente. A actual disposición derradeira única pasaría a numerarse como segunda.



## 2. Estrutura do anteproxecto.

Tras o título e a parte expositiva, o proxecto de Decreto que se presenta de natureza modificativa estruturase nun único artigo que recolle a nova redacción do artigo 7 do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, así como a incorporación dunha nova disposición derradeira numerada como primeira referida á modificación dos anexos. A disposición derradeira única referida á vixencia pasa así a enumerarse como disposición derradeira segunda.

O contido da modificación comprende polo tanto o seguinte contido:

Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización e a inspección dos servizos sociais en Galicia	Anteproxecto de Decreto pola que se modifica o Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización e a inspección dos servizos sociais en Galicia
<p>Artigo 7. <i>Requisitos xerais dos centros e programas de servizos sociais.</i></p> <p>1. Todos os centros e programas de servizos sociais, de conformidade coa normativa que os regula, deben:</p> <p>a) Estar correctamente identificados e sinalizados no exterior das súas instalacións, agás que a natureza e finalidade do servizo o desaconselle. Así mesmo, debe sinalizarse o interior das instalacións para facilitar o acceso, a orientación e a información sobre a localización dos servizos para todas as persoas.</p> <p>b) Dispoñer dunhas normas de funcionamento, visadas polo órgano competente en materia de autorización e inspección de servizos sociais da Xunta de Galicia, que garantan o respecto aos dereitos das persoas usuarias e establezan as condicións de prestación e desenvolvemento dos servizos.</p> <p>c) Contar cun rexistro de altas e baixas de persoas usuarias e cun expediente individual de cada unha delas, coa documentación mínima necesaria que determine a normativa específica que lle resulte de aplicación. En todo caso, a entidade deberá garantir a protección dos datos de carácter persoal de conformidade co establecido na Lei 15/1999, do 13 de decembro, en todo o que lle sexa de aplicación.</p> <p>d) Dispoñer da póliza de seguros de danos necesarias para garantir a reparación dos sinistros do edificio, así como de póliza de seguro de responsabilidade civil que garanta a cobertura das indemnizacións ás persoas usuarias e/ou a terceiros polos danos e prexuízos causados como consecuencia dos sinistros do edificio e/ou do desenvolvemento dos servizos.</p> <p>e) Expoñer nun lugar visible ao público a documentación que</p>	<p>Nova redacción do artigo 7 como se indica.</p> <p>Artigo 7. <i>Requisitos xerais dos centros e programas de servizos sociais</i></p> <p>1. Todos os centros e programas de servizos sociais, de conformidade coa normativa que os regula, deben:</p> <p>a) Estar correctamente identificados e sinalizados no exterior das súas instalacións, agás que a natureza e finalidade do servizo o desaconselle. Así mesmo, debe sinalizarse o interior das instalacións para facilitar o acceso, a orientación e a información sobre a localización dos servizos para todas as persoas.</p> <p>b) Dispoñer dunhas normas de funcionamento, visadas polo órgano competente en materia de autorización e inspección de servizos sociais da Xunta de Galicia, que garantan o respecto aos dereitos das persoas usuarias e establezan as condicións de prestación e desenvolvemento dos servizos.</p> <p>c) Contar cun rexistro de altas e baixas de persoas usuarias e cun expediente individual de cada unha delas, coa documentación mínima necesaria que determine a normativa específica que lle resulte de aplicación. En todo caso, a entidade deberá garantir <b>o cumprimento da normativa en materia de protección de datos persoais.</b></p> <p>d) Dispoñer da póliza de seguros de danos necesarias para garantir a reparación dos sinistros do edificio, así como de póliza de seguro de responsabilidade civil que garanta a cobertura das indemnizacións ás persoas usuarias e/ou a terceiros polos danos e prexuízos causados como consecuencia dos sinistros do edificio e/ou do desenvolvemento dos servizos.</p>





Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización e a inspección dos servizos sociais en Galicia	Anteproxecto de Decreto pola que se modifica o Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización e a inspección dos servizos sociais en Galicia
<p>acredite as autorizacións e licenzas concedidas, as normas de funcionamento previamente visadas pola Administración e o cartel informativo sobre a existencia dun libro de reclamacións a disposición das persoas usuarias. Ademais, exporase a información básica referida aos servizos prestados, ao horario e aos períodos de funcionamento do servizo, así como, cando a natureza do servizo non o desaconselle, os prezos ou as tarifas exhibibles pola prestación dos servizos, onde consten claramente as contías totais das prestacións básicas e dos servizos optativos ou susceptibles de cobramento a parte.</p> <p>f) Contar co equipamento mobiliario, as axudas técnicas, o material e o persoal necesario para o desenvolvemento axeitado dos servizos, segundo as características e necesidades das persoas destinatarias.</p> <p>g) Dispoñer de conexión telefónica co exterior e dun enderezo de correo electrónico.</p> <p>h) Contar cunha persoa que asuma a dirección ou coordine o programa ou servizo.</p> <p>2. Ademais dos requisitos xerais establecidos no punto anterior, as entidades titulares e as xestoras de servizos, centros e programas deberán adecuarse aos requisitos específicos que, de acordo coa súa tipoloxía e persoas ás que se dirixan, se establezan na normativa que lles resulte de aplicación, así como dispoñer no centro ou nas instalacións nas que se desenvolve o programa, de toda aquela documentación acreditativa do cumprimento destes.</p>	<p>e) Expoñer nun lugar visible ao público a documentación que acredite as autorizacións e licenzas concedidas, as normas de funcionamento previamente visadas pola Administración e o cartel informativo sobre a existencia dun libro de reclamacións a disposición das persoas usuarias. Ademais, exporase a información básica referida aos servizos prestados, ao horario e aos períodos de funcionamento do servizo, así como, cando a natureza do servizo non o desaconselle, os prezos ou as tarifas exhibibles pola prestación dos servizos, onde consten claramente as contías totais das prestacións básicas e dos servizos optativos ou susceptibles de cobramento a parte.</p> <p>f) Contar co equipamento mobiliario, as axudas técnicas, o material e o persoal necesario para o desenvolvemento axeitado dos servizos, segundo as características e necesidades das persoas destinatarias.</p> <p>g) Dispoñer de conexión telefónica co exterior e dun enderezo de correo electrónico.</p> <p>h) Contar cunha persoa que asuma a dirección ou coordine o programa ou servizo.</p> <p>2. Ademais dos requisitos xerais establecidos no punto anterior, as entidades titulares e as xestoras de servizos, centros e programas deberán adecuarse aos requisitos específicos que, de acordo coa súa tipoloxía e persoas ás que se dirixan, se establezan na normativa que lles resulte de aplicación, así como dispoñer no centro ou nas instalacións nas que se desenvolve o programa, de toda aquela documentación acreditativa do cumprimento destes.</p> <p><b>3. O rexistro de persoas usuarias ao que se refire a letra c) do punto 1, no caso dos centros residenciais de persoas maiores e de persoas con discapacidade realizarase en soporte dixital mediante o sistema facilitado pola administración autonómica.</b></p> <p><b>A información que como mínimo deberá conter o rexistro será a correspondente á identificación das persoas usuarias co seu nome e apelidos, o número do documento nacional de identidade, o número de identificación de persoa estranxeira, o número do pasaporte ou documento identificativo similar no seu caso, as datas de alta e baixa no centro, así como a causa desta última. Adicionalmente poderanse recoller outros datos que deberán estar limitados aos necesarios para o exercicio das funcións de comprobación, control e as relacionadas para a</b></p>



<b>Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización e a inspección dos servizos sociais en Galicia</b>	<b>Anteproxecto de Decreto pola que se modifica o Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización e a inspección dos servizos sociais en Galicia</b>
	<p><b>consecución dos fins de asistencia social para os que sexan tratados.</b></p> <p><b>Os centros e programas de servizos sociais que non teñan a obriga de empregar o soporte dixital ao que se refire este punto poderán empregalo de forma voluntaria sempre que este se adapte ás súas necesidades de rexistro."</b></p>
	<p>Engadese unha disposición derradeira como se indica:</p> <p><b>Disposición derradeira primeira. <i>Modificación dos anexos</i></b></p> <p><b>Os modelos normalizados contidos nos anexos I e II, aplicables na tramitación dos procedementos regulados nesta disposición, poderán ser modificados co obxecto de mantelos actualizados e adaptados á normativa vixente. A estes efectos, será suficiente, previa aprobación do órgano competente, a publicación destes modelos adaptados ou actualizados na sede electrónica da Xunta de Galicia, onde estarán permanentemente accesibles para todas as persoas interesadas.</b></p>
<p>Disposición derradeira única.</p> <p>A presente norma entrará en vigor aos 20 días da súa publicación no <i>Diario Oficial de Galicia</i>.</p>	<p><b>A disposición derradeira única referida á vixencia pasa a enumerarse como disposición derradeira segunda.</b></p>

### 3. Tramitación da disposición administrativa da carácter xeral.

O proxecto de Decreto sometese ao disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 16/2010, do 17 de decembro, e precisou dos seguintes trámites:

Acordase o 20 de xaneiro de 2023 o inicio da tramitación. Dado o seu contido puntual exímese do trámite da consulta pública previa.

Xunto co texto do anteproxecto de Decreto achegouse a seguinte documentación:

. Memoria xustificativa da modificación do Decreto.





Tras a aprobación inicial pola persoa titular da Consellería de Política Social e Xuventude o 30 de xaneiro de 2023, o xa proxecto normativo someteuse á audiencia a través do portal de transparencia.

Así mesmo, coa apertura da fase intermedia da tramitación, someteuse á audiencia interna dos órganos da Xunta de Galicia e a audiencia das entidades máis representativas. No dito trámite constan as alegacións presentadas pola Asociación Gallega del Sector de la Dependencia (AGASEDE) que foron revisadas co revisión en parte do proxecto normativo como consta no expediente.

Polo que se refire aos informes sobre o proxecto normativo, o texto foi informado polos seguintes órganos:

- . Informe da Secretaria Xeral da Igualdade.
- . Informe da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos.
- . Ditame do Consello Galego de Benestar Social.
- . Solicitado ditame da Comisión Galega de Cooperación Local ou, no seu caso, á Federación Galega de Municipios e Provinciais que manifesta a súa conformidade co proxecto.
- . Suxestión da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa no referencia ao impacto sobre os anexos do Decreto 254/2011, do 23 de decembro.

Por outra banda, o presente Decreto requiriu do seu traslado e da análise do seu impacto demográfico ao órgano de dirección con competencias en materia de dinamización demográfica.

Na fase final o proxecto normativo remitiuse ao preceptivo informe da Asesoría Xurídica que o emitiu de xeito favorable con data 10 de outubro de 2023.

Dado que a disposición normativa que se modifica foi ditaminada polo Consello Consultivo de Galicia, o proxecto que agora se presenta require do preceptivo ditame do dito Alto órgano consultivo.

#### **4. Legalidade, acerto e oportunidade**

De acordo co indicado considerase que este proxecto de decreto axustase á dereito e reúne as condicións esenciais para a súa aplicación e efectividade.

Así o exposto, de conformidade co artigo 43 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, informase favorablemente o proxecto de Decreto pola que se modifica o Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización e a inspección dos servizos sociais en Galicia.

Asinase o presente informe no lugar e na data da sinatura dixital.

A secretaria xeral técnica

María Francisca Gómez Santos

